



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

EXPEDIENTE: 12/2.023

ASUNTO: CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓN ANTIFRAUDE.

Visto, que con data de 17 de novembro de 2023, se aprobou polo Pleno desta Corporación Municipal o Plan de Medidas Antifraude deste Concello de Begonte, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 273, do 28 de novembro e ao seu posterior envío ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, da Intervención Xeral da Administración do Estado,

Visto, que no Apartado 4 do dito Plan de Medidas Antifraude, se sinala que “ *para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude, o Concello de Begonte, comprométese, con posterioridade á aprobación do presente Plan, e mediante Decreto da Alcaldía, a constituír a Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica, sen prexuízo de que a presidencia da mesma recaia en persoal corporativo, e integrada por funcionarios con especial capacitación, formando parte da mesma, en todo caso, o Secretario-Interventor do Concello ou funcionario en quen delegue. Asumirá as funcións de Secretario da Comisión un funcionario do Concello* ”.

A vista do anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións legais, pola presente RESOLVE:

1º.- Aprobar a constitución da Comisión Antifraude do Concello de Begonte, co obxecto de dar cumprimento ás obrigas legais en materia de loita contra o fraude, derivadas da xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2º.- Designar ás seguintes persoas que serán membros da dita Comisión:

Nome e Apelidos.	NIF	Cargo	Posto
D. Antonio Lorenzo Morandeira	*****257F	Presidente.	Secretario-Interventor.
Dna. M ^a Jesús Blanco Castro.	*****982M	Vogal.	Técnico Área de Contabilidade.
D. Isaac López Villamor.	*****279N	Secretario.	Axente de Emprego e D. Local.

Notificar o nomeamento ás persoas afectadas.





CONCELLO DE BEGONTE

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1
27373 Begonte
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027
Email: info@concellodebegonte.es

3º.-Que por parte da Comisión se proceda á realización do exercicio inicial de avaliación do risco, impacto e probabilidade do risco de fraude nos procesos de execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

4º.- Publicar aos efectos oportunos a presente Resolución na Sede Electrónica do Concello.

Así se acorda, en Begonte na data de sinatura electrónica á marxe, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde-Presidente.

O Secretario-Interventor.

